



**Nº Expediente:** 2017/C003/000005

**Asunto:** Contratación de MELLORA DE CAMIÑOS NO CONCELLO DE CEDEIRA. AGADER 2017

### **MESA DE CONTRATACIÓN (1)**

ACTA DE APERTURA DOS SOBRES "A: DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA", E SI PROCEDE, APERTURA DOS SOBRES "B: REFERENCIAS TÉCNICAS" PARA A ADXUDICACIÓN MEDIANTE PROCEDIMENTO NEGOCIADO DO SEGUINTE CONTRATO :

**Obra:** MELLORA DE CAMIÑOS NO CONCELLO DE CEDEIRA. AGADER 2017

**Importe de licitación:** 65.718,17 IVE incluído (Prezo sen IVE 54.312,54 €; IVE: 11.405,63 €)

### **ASISTENTES**

**PRESIDENTE:**

Don Pablo Diego Moreda Gil, alcalde

**VOGAIS:**

Dona María José Rodríguez Pérez, concelleira

Don Antonio Rodríguez Fabello, arquitecto municipal

Dona Ana Velo Ruiz, secretaria do concello

Don Jorge Vidal Zapatero, interventor municipal.

**SECRETARIA:**

Dona M<sup>a</sup> Montserrat Pérez Garrote, funcionaria do Concello.

No Salón de plenos do Concello de Cedeira (A Coruña), ás 12:00 horas do día 22 de marzo de 2018, constitúese a Mesa de Contratación integrada da forma sinalada, co obxecto de proceder á apertura dos sobres A: Documentación administrativa, e si procede, apertura dos sobres B: Referencias técnicas, no procedemento para adxudicar a obra anteriormente citada.

Segundo se desprende da busca efectuada no sistema informático de rexistro xeral de entrada e saída de documentos, presentáronse para tomar parte na licitación da "MELLORA DE CAMIÑOS NO CONCELLO DE CEDEIRA. AGADER 2017", as seguintes empresas:

- JOSÉ M. PIÑEIRO LÓPEZ, S.L. (R.E. 1252 de 20/03/2018)
- JOSÉ NO MANTIÑÁN E HIJOS, S.A. (R.E. 1325 de 21/03/2018); enviou fax o 20/03/2018, R.E. 1274
- VILLASUSO ORTEGAL, S.L. (R.E. 1324 de 21/03/2018); enviou fax o 20/03/2018, R.E. 1280

A continuación, A Mesa procede á calificación previa dos documentos presentados en tempo e forma; para o cal o Presidente ordena a apertura dos sobres A, que fan referencia á "Documentación administrativa ", resultando o seguinte:

- A documentación presentada é correcta.



A continuación o Sr. Presidente ordena a apertura dos sobres "B" (Referencias técnicas) das empresas participantes na licitación, os cales conteñen a documentación en soporte dixital (CD) asinados dixitalmente.

A Mesa acorda:

- 1º.- Admitir a todas as empresas presentadas.
- 2.- Solicitar un informe técnico de valoración das referencias técnicas contidas nos sobres "B".
- 3.- Reunirse de novo para comprobar a valoración técnica e continuar coa apertura dos sobres "C".
- 4.- Publicar a presente acta na páxina web do Concello de Cedeira.

O presidente dá por rematada esta sesión ás 12:30 h. do expresado día, e estendo de todo isto a presente acta, do que eu, secretaria da Mesa, dou fe.